



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A CORUÑA)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Comunicación previa cacharela de San Xoán en terreos privados

Solicitante (particular ou asociación)				
DNI/CIF	Nome e apelidos/Razón social			
Rúa		Núm.	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono fixo/Móbil /	
Enderezo electrónico				
Representante				
DNI/CIF	Nome e apelidos/Razón social			
Rúa		Núm.	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono fixo/Móbil /	
Enderezo electrónico				
Datos da cacharela				
Lugar exacto no que se vai facer a cacharela				
Data			Hora	
Tipo <input type="checkbox"/> Cacharela <input type="checkbox"/> Sardiñada				

- Esta comunicación é documentación suficiente para poder levar a cabo a actividade, pero non eximirá, en ningún caso, da responsabilidade por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.
- A fogueira gardará as distancias mínimas marcadas polo concello con respecto a vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando a totalidade dos restos con auga.
- No caso de que se levante o vento, que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- O/A solicitante será sempre o/a responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

O solicitante manifesta coñecer e responsabilizarse de cumprir as normas establecidas.

Val do Dubra, ___ de _____ de 20__
 Asinado: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A CORUÑA)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

NORMAS DE XESTIÓN DE PERMISOS PARA AS CACHARELAS/SARDIÑADAS DE SAN XOÁN

Este concello establece as normas de seguridade para solicitar e celebrar as “cacharelas/sardiñadas da noite de San Xoán”. Estas mesmas normas fanse extensivas á celebración de cacharelas/sardiñadas durante o mes de xuño, sexa a noite do 23 ou calquera outro día.

A celebración das cacharelas/sardiñadas na vía pública están suxeitas á correspondente autorización. As que se desenvolvan en terreos de propiedade privada deberán presentar comunicación previa da actividade.

Cacharelas en espazos públicos e privados

- As persoas, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente no Rexistro Xeral do concello ata as 14:30 horas do 20 de xuño, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I. dos responsables da organización; así como todos os datos que constan no modelo de solicitude. As persoas responsables teñen que ser maiores de idade. Os particulares poderán tamén facer a súa comunicación de cacharela/sardiñada a través da Sede Electrónica dende o día 10 de xuño ata as 00:00 horas do día 20 de xuño de 2024, sendo suficiente este trámite para a realización do evento.
- A solicitude debe ir acompañada dun plano de situación do espazo público (no privado non se necesita plano) no que se vai a situar a cacharela/sardiñada; así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.
- Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono de Emerxencias (112).
- Zona Urbana: O volume do combustible da cacharela non pasará dos 23 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- Rural: O volume do combustible da cacharela non pasará dos 2 metros de diámetro ou 9 de perímetro, nin os 3 mts de altura.
- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano será como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- Prohíbese a queima de pneumáticos; plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e, en xeral, de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público lousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de área de 10 cm.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas de madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Ao finalizar a cacharela, e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.
- Cumprir o establecido na Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

No caso das cacharelas/sardiñadas na propiedade privada os interesados deberán comunicalo ao concello no prazo establecido.

O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas deberá axustarse ao permiso concedido e ás ordenanzas municipais.